



IES de Ortigueira

SEGUNDA ACTA DA XUNTA ELECTORAL

No I.E.S.de Ortigueira, sendo as 13 horas e 15 minutos do día 14 de novembro de 2024, reúnense os compoñentes da Xunta Electoral deste Centro, baixo á orde do día seguinte:

ASISTENTES:

Presidente/a:

D. Carlos E. Rodríguez Legarreta
Director do Centro

Secretaria:

Clara Nogueira Prego (profesora)

Vocais:

D^a Isabel Castro Paz (PAS)
Beatriz Lamelas Fojo(nai)
M^a Fojo Leonardo (alumna)

- 1.- Corrección da convocatoria de eleccións (sector do profesorado)
- 2.- Resolución a escrito presentado pola representante da ANPA.
- 3.-Admisión, proclamación e publicación de candidaturas.
- 4.- Aprobación dos distintos censos electorais.
- 5.- Aprobación de modelos de papeletas e sobres de votación.
- 6.-Sorteo público de membros das mesas electorais.

Iniciado o acto, procédese a desenvolver a orde do día, coa obtención dos seguintes acordos:

En primeiro lugar, revisada a lexislación sobre renovación de consello escolares, así como o libro de actas de Claustro do centro o director advirte un erro, que se arrastra desde convocatorias anteriores, que afecta á alternancia 4/3 na renovación de prazas do sector do profesorado.

Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria

Artigo 40. Sen prexuízo do establecido no artigo 49.2, dous anos despois de que se constituía o Consello Escolar con tódolos membros, levarase a cabo a súa primeira renovación parcial e serán substituídos os seguintes membros: tres profesores, dous alumnos e dous pais elixidos polos pais ou nais de alumnos.

Dous anos despois, substituiranse os membros non expresados na renovación parcial anteriormente citada, isto é: catro profesores, dous alumnos, un pai ou nai proposto pola asociación de pais de alumnos e un membro do persoal non docente.

Co fin de corrixir este erro para convocatorias futuras, dado que na renovación de 2022 xa foi renovada por elección a praza correspondente á ANPA, así como a praza correspondente ao persoal non docente (agora PAS), propón á xunta electoral que nas eleccións ao sector do profesorado sexan **3 as candidaturas que se renovan por 4 anos, cubríndose as vacantes restantes por un prazo de 2 anos, para que a situación quede xa normalizada na seguinte renovación parcial de 2026.** A xunta electoral aproba esta proposta.

No segundo punto da orde do día o director dá lectura a un escrito presentado, con data 29 de outubro de 2024, por Dona Cristina González Muiño, en calidade de representante da ANPA A Pregoza, recentemente constituída. Á vista do artigo 40 do ROC citado anteriormente o director entende que a praza correspondente á ANPA xa foi convocada por elección nas eleccións parciais de novembro de 2022, motivando o seguinte:

Artigo 39.2 do ROC que di que "No caso de non existir proposta da asociación de pais de alumnos para ocupa-la praza que lle corresponde a mesma, esa vacante cubrirase conxuntamente e co mesmo procedemento que os outros representantes dos pais. Para efectos de futura renovación parcial, asignarase a praza correspondente á proposta da asociación de pais de alumnos ao candidato máis votado."

*RESPOSTA 4 da Subdirección Xeral de Centros e Inspección Educativa do 4 de novembro de 1998 ás consultas formuladas respecto a determinados puntos relativos á elección dos representantes no consello escolar dos centros que di que "4) Cando a APA dun centro non teña feita a proposta do representante que lle corresponda á mesma, esa vacante debe ser cuberta conxuntamente e co mesmo procedemento (a elección) que os outros representantes dos pais. Neste caso, é para os efectos da seguinte renovación parcial, o candidato máis votado dos pais de alumnos ocupará a praza correspondente á proposta da APA, e polo tanto, polo feito de ter asumido nominalmente a praza do representante da APA, non será renovado na primeira renovación parcial (neste caso no ano 2000). De acordo con isto, a **APA non poderá realizar proposta do seu candidato ata que remate o período de mandato -catro anos-do representante dos pais máis votado que está cubrindo a vacante do representante da APA.**"*

Manifestado desacordo por Dona Cristina González Muiño coa interpretación que a dirección do centro fai da norma, consúltase coa inspección educativa, que resolve o seguinte:

*"A intención e espírito da norma é que a ANPA participe no Consello Escolar. Ata o momento a ANPA non ten participado por non estar constituída e, polo tanto, a Xunta electoral nunca lle puido ter solicitado proposta do seu representante (artigo 38 do ROC IES). É dicir, que a ANPA non participou ata o momento porque a asociación non existía como tal, polo que todas as prazas do sector estaban ocupadas nominalmente por votación nas eleccións (non por representación). **Como as intencións normativas en torno á participación da comunidade escolar son claras, o centro debe dar entrada no Consello Escolar á dita ANPA e solicitarlle a súa proposta para cubrir unha das prazas que deben renovarse dese sector.**"*

*Á vista da resolución da inspección cómpre modificar a **convocatoria de representantes de nai, pais e responsábeis do alumnado na que deberá escollerse só un candidato/a, no lugar dos dous previstos na primeira reunión da xunta electoral. A primeira candidatura non elixida cubrirá no 2026 a vacante que xurde ao rematar o nomeamento da representante Dona Soledad Fernández Prieto, escollida nas eleccións parciais de 2022.***

3º).- Admitir, proclamar e publicar as candidaturas presentadas polos distintos sectores segundo se indica seguidamente:

a) Nais, pais e titores/as legais do alumnado:

Isabel Loureiro Redondo, Esther Ojea Bustabad, Rocío Peña Ares, Marta Rodríguez Rey.

b) Profesorado:

Belén Alvelo Salgueiro, Diego Calvo ~~Rivas~~, Alberto Gallego Fernández, Rosa Mª Fernández Montero, Mª Antonia Girón Martínez.

Corrixido erro. Onde a acta pon Rivas, debe poñer Hermida

c) Alumnado:

Candela Martínez Carrodegas, Diego Panceiras Pérez, Ana Romero Doce.

4º) Unha vez efectuadas as correccións oportunas, aprobar e publicar definitivamente os distintos censos electorais.

5º) Aprobar os modelos de papeletas. Nas papeletas figurarán a relación alfabética dos nomes dos candidatos (a sinalar cunha ou máis cruces no acto da votación, segundo os casos).

6º) Seguidamente, en virtude das disposicións legais establecidas, o/a Director/a e Presidente/a da Xunta Electoral procede a dar as instrucións oportunas para designar mediante sorteo aos catro pais/nais ou titores/as legais, alumnado e persoal de administración e servizos (de ser o caso), tanto titulares como suplentes, que formarán parte das mesas electorais correspondentes, resultando elixidos:

1. Vogais titulares para a mesa de nais, pais e responsábeis:

Desirée Pajón Viglianisi
José Miguel Fernández Rego
María Belén García Gómez
Eugenia Beatriz Domínguez Castrillón

2. Vogais suplentes para a mesa de nais, pais e responsábeis:

Sergio Romero Iglesias
Benedicta Ramil Rey
Ángel M. Rodríguez Rodríguez
Ido Boscolo Pagan

Polo tanto a mesa electoral do sector de nais e pais do alumnado estará formada polo Director/a do Centro, que actuará como presidente/a, e os vogais titulares ou, no seu defecto, polos vogais suplentes segundo a orde anteriormente establecida.

1. Vogais titulares para a mesa do alumnado:

Iván Díaz Domínguez
Raúl Fernández Ferreira
Ismael Iglesias Martínez
Ainhoa Martínez Martínez

2. Vogais suplentes para a mesa do alumnado:



Carlos Fraga Ferreira
Francisco Javier Tiliman Peralta
Samira Et-Taouil
Hugo Casás Murias

Polo tanto a mesa electoral do sector do alumnado estará formada polo Director/a do Centro, que actuará como presidente/a, e os vogais titulares ou, no seu defecto, polos vogais suplentes segundo a orde anteriormente establecida.

E sen máis asuntos que tratar, o Presidente da Xunta Electoral levanta a sesión ás 13horas 20 minutos da data ao principio mencionada e que, como Secretaria dou fe.

Vº E PRACE:
O PRESIDENTE,

Asdo.:


Asdo.:

M. Beatriz Lamelas Fojo




O SECRETARIO,

Asdo.:


Clara Nogueira Prepu

Asdo.:

Maria


M. ISABEL CASTRO PAZ